

# Profunda musicalidade

*Sentimentos como frechas*

ROMÁN RAÑA

Sorprende este poemario de Ánxeles Penas (Teixeiro, A Coruña, 1943), muller polifacética, pola orixinal inmersión dos seus sentires na antigüidade clásica, no espírito helenístico, na proxección shakespiariana dalgúns versos. Tamén pola súa profunda musicalidade. Hai que dicir que a nosa poeta explora ese territorio desde un dominio máis que infrecuente destas mencións míticas feitas sen afectación, sen pedantaría, sen petulancia. Esta revisitación dos clásicos aparece, xa, desde o primeiro poema “Carta de Eurídice a Orfeo” e vai prodigándose con suma destreza polas páxinas seguintes. Así podemos ler: “Meu Orfeo querido,/non voltes a buscarme./Neste Hades que habito/só residen os deuses do silencio e do olvido/e ningún é piadoso.”

Ecoa a decepción e a ironía, mais tamén o cansazo. Eurídice está cansa de vivir na penumbra, de residir no Averno, de non coñecer a luz. Mais o amor non a salva: “Xa morrín nove veces./Xa non teño máis mortes./A morte é un camiño de descanso e lembranzas.”

Ás veces a paixón é unha forza cósmica que mobiliza a natureza, os corpos e os astros, as herbas e os planetas (Dante ao fondo), o sangue que ferve, o corazón que estala, pois todo procura un vínculo: “Busca a noite o seu faro./Busca o val o seu río./Afóndase o convexo nas cóncavas cunqueiras./Todo quere acoplarse, acollerse, sumarse.”

Poesía de ascensión, de subida ao Parnaso, de nomear aquilo que con-



verte  
ao home en  
ser privilexiado,  
que o transforma  
todo ao seu redor en raro incendio.

Falamos antes de musicalidade. O alexandrino, o heptasílabo, conviven harmoniosamente en versos de plural intensidade. Así atopamos pérolas de dicción clásica: “O frío setentrión por el chama teimoso”; ou este outro: “o fascinio da lúa de Cáncer polo ceo”.

Fermoso libro este de Ánxeles Penas. Rememorativo, invocativo, enchido de fulgores e de sentimentos puros como frechas. De entre eles o amor, como non podía ser menos, atesoura todo aquilo que de valioso levamos ao outro mundo. Por iso non estrañar ouvir en labios da poeta un berro que facemos noso: “Así, pois, polos mortos que amaron, ¡non máis pranto!”

PENAS, Ánxeles, *Amor deshabitado*, Ed. Espiral Marior, A Coruña, 2007, 61 páxinas.